

CANGAS*CORRECCIÓN DE ERROS*

Advertido erro material de transcripción no anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia N° 242, de data 20 de decembro de 2011, relativo á publicación do texto íntegro das ordenanzas fiscais para o exercicio 2012 do Concello de Cangas, erro consistente na inclusión do imposto de plusvalía dentro da taxa de cemiterios, procédese a corrección do mesmo, nos seguintes termos:

Onde dí:

TAXA DE CEMITERIOS: CEMITERIO MUNICIPAL

<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
PLUSVALÍA	21% TIPO MÁX

Debe dicir:

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERROS DE NATUREZA URBANA

<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
PLUSVALÍA	21% TIPO MÁX

TAXA DE CEMITERIOS: CEMITERIO MUNICIPAL

Cangas, 20 de decembro de 2011.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2011012506**

* * *

A CAÑIZA**A N U N C I O**

Pola presente, e ao abeiro do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e dentro do procedemento que se segue para a súa rendición, anúnciase que, a partir do día seguinte ao da publicación do presente Anuncio, e durante quince (15) días, queda exposta ao público nas Oficinas do Concello de A Cañiza (Pontevedra) e en horario de 9.30 a 13.30 horas a documentación correspondente á Conta Xeral do exercicio orzamentario de 2010. Durante os quince (15) días mencionados poderá ser examinada polos interesados, dispoñendo asemade deses quince (15) días, de oito (8) máis para facer as reclamacións, reparos u observacións que se estimen oportunas.

A Cañiza, 22 de decembro de 2011.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso. **2011012503**

* * *

GONDOMAR*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO*

O Pleno do Concello en sesión celebrada o pasado día 27/12/2011, acordou a aprobación definitiva coa resolución das alegacións presentadas a modificación crédito 29/2011, co seguinte contido

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas sobre a base dos seguintes argumentos:

“(…) manifestar que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao ditado gasto no orzamento municipal de 2011, prorrogado 2010, na partida 943.46800, que ten ata a data un saldo a nivel de vinculación xurídica de 110.035,04€”